



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, SECTORES PRODUTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Referencia: PEL-EPR PREMIO / 2026

Expediente convocatoria: 2025000035002

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS PEL: PREMIOS ÁS MELLORES INICIATIVAS EMPRESARIAIS DA PROVINCIA (PEL-EPR PREMIO 2026)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as *Bases reguladoras da VIII edición dos Premios PEL: premios ás mellores iniciativas empresariais da provincia*, e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das *Bases reguladoras da VIII edición dos Premios PEL: premios ás mellores iniciativas empresariais da provincia*.

Segundo. Aprobar as *Bases reguladoras da VIII edición dos Premios PEL: premios ás mellores iniciativas empresariais da provincia*, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar o orzamento do premio por importe de 80.000,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, documento contable RC número de operación 220260011814.

Quinto. Aprobar a convocatoria do Premio ás mellores iniciativas empresarias da provincia, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ás 09:00 horas, e finalizará ás 14:00 horas do 12 de maio, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo – Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de conformidade



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sétimo. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DA VIII EDICIÓN DOS PREMIOS PEL: PREMIOS ÁS MELLORES INICIATIVAS EMPRESARIAIS DA PROVINCIA (PEL-EPR PREMIO 2026)

1. DENOMINACIÓN, FINANCIAMENTO E LIÑAS XERAIS DE TRAMITACIÓN

Denominación

As presentes bases teñen por obxecto regular a VIII edición dos Premios PEL, destinados a galardoar as mellores iniciativas empresariais da provincia, promovidos no marco do Plan de Emprego Local (Liña 2.4. PEL-Emprende: incentivos á calidade e á innovación da idea empresarial).

Financiamento

Os premios financiaranse con cargo ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2026 na aplicación orzamentaria 0520/24100/481.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada aos Premios PEL é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0520/24100/481	80.000,00 € *

* Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.

Liñas xerais de tramitación

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e comunicacións, os requirimentos de documentación e



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

información, así como todo o necesario para tramitar as candidaturas e resolver a concesión.

2. OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto dos Premios PEL é recoñecer ás mellores iniciativas empresariais da provincia, fomentando a súa imaxe positiva e realizando o seu papel fundamental como xeradoras de riqueza, emprego e benestar, contribuíndo á súa sostibilidade, ao emprendemento e á potenciación do rural.

A súa finalidade consiste en premiar, dar visibilidade e poñer en valor aquelas iniciativas empresariais que impulsen cambios reais no ámbito socioeconómico e deixen a súa pegada no territorio, conservando e dinamizando a contorna rural e dando visibilidade a actuacións que contribúan de forma singular a revitalizar os concellos con menor poboación da provincia, así como a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada.

3. CATEGORÍAS

As persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que se postulen á VIII edición dos Premios PEL deberán presentar a súa candidatura **unicamente a unha** das seguintes categorías, agás á categoría honorífica que non require postulación previa:

1ª CATEGORÍA: Iniciativa emprendedora

Destinada a recoñecer a labor das persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que iniciasen a súa actividade empresarial nas anualidades 2024, 2025 ou 2026.

Esta categoría busca premiar unha iniciativa empresarial de recente creación, en calquera ámbito.

2ª CATEGORÍA: Traxectoria empresarial

Destinada a recoñecer a traxectoria das persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que comezasen a súa actividade empresarial durante a anualidade 2023 ou con anterioridade.

Esta categoría busca premiar unha iniciativa empresarial xa consolidada, en calquera ámbito.

3ª CATEGORÍA: Iniciativa territorio sostible

Destinada a persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que contén con proxectos que contribúan á transición ecolóxica e enerxética, á loita contra o



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

cambio climático, que baseen a súa actividade na agricultura sostible, a protección do medio ambiente, a preservación da biodiversidade, a economía circular, o uso eficiente dos recursos, o valor da terra ou do mar e os seus produtos, etc.

Esta categoría busca premiar unha iniciativa que aliñe as súas actuacións cos obxectivos medioambientais propostos na Axenda 2030 e no Pacto Verde Europeo, dándolle valor ao campo e ao mar galegos.

4ª CATEGORÍA: Iniciativa empresarial singular

Destinada a recoñecer a persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas con iniciativas empresariais de autoría creativa, orixinais e con carácter singular, xa sexa polo uso de materias primas locais, pola reutilización de materiais ou produtos autóctonos, a revitalización da tradición galega, entre outros.

Esta categoría busca premiar unha iniciativa empresarial que se caracterice pola súa peculiaridade e creatividade singular.

CATEGORÍA HONORÍFICA: Mención do xurado á mellor iniciativa transformadora do rural

Adicionalmente a estas categorías, o xurado outorgará unha mencion honorífica á mellor iniciativa transformadora do rural como recoñecemento ás persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que desenvolvan iniciativas que impulsen cambios reais no ámbito socioeconómico da provincia, que contén con proxectos orientados ao desenvolvemento sostible e integrador de zonas rurais, favorezan á loita contra o despoboamento e contribúan a facer fronte ao reto demográfico e demais retos específicos en materia de desenvolvemento do territorio.

Cada participante poderá presentar a súa candidatura unicamente a unha das categorías anteriores, agás a honorífica, xa que este premio outorgarase sen previa postulación de candidaturas, a proposta do xurado. No suposto de presentación de varias candidaturas, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

As candidaturas serán analizadas e puntuadas baseándose nas memorias de candidatura presentadas e nos criterios de valoración especificados a continuación.

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de **100 puntos como máximo**.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Os criterios de valoración serán os mesmos para todas as categorías, **debendo a candidatura destacar o máis relevante e axeitado á categoría á que se presente**, segundo o especificado na Base 3:

- **Presentación da empresa** (ata 30 puntos)

Valorarase o resumo escrito na memoria e o vídeo de presentación da empresa. O vídeo de candidatura incluírase na memoria a través dunha ligazón e deberá reunir as seguintes características: formato horizontal, duración máxima de 2 minutos (2:00) e resolución mínima de 1.080 píxeles.

Tanto o resumo escrito como o vídeo deben conter unha presentación onde se explique con claridade a empresa, a súa actividade, a descrición dos produtos/servizos que oferta, a motivación da idea empresarial, os motivos polos que a candidatura merece ser gañadora e demais aspectos destacables da candidatura dentro da categoría á que se presenta.

Valorarase especialmente a creatividade do vídeo, o guión e a súa estrutura.

- **Idea de negocio, visibilidade e impacto no territorio** (ata 30 puntos)

Valoraranse aspectos como a orixinalidade do proxecto empresarial, a visibilidade con especial atención á presenza en medios e redes, a diferenciación tanxible e o posicionamento da empresa respecto da competencia, o impacto no territorio e a sociedade, datos de crecemento que amosen tanto o potencial como a traxectoria, entre outros.

- **Innovación e RSE** (ata 20 puntos)

Valoraranse a innovación (tecnolóxica, de produtos, servizos e/ou procedementos, de enfoque, social, etc.), así como o a madurez do proxecto e o uso de espazos de coworking, a incorporación de novas tecnoloxías, metodoloxías ou enfoques diferenciadores, as medidas de RSE implantadas pola empresa (igualdade, inclusión social, medioambientais, voluntariado, apoio á comunidade e ás ONG, colaboracións altruístas, o uso do galego como lingua vehicular, etc.).

- **Destino do premio** (ata 20 puntos)

Valorarase a finalidade do destino do premio, que este repercuta de xeito directo na empresa e/ou na sociedade (nova contratación, modernización, nova liña de traballo, deseño/lanzamento dun novo produto, etc.), así como a explicación do que suporía para a empresa e os seus empregados/as o galardón.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Mención do xurado á mellor iniciativa transformadora do rural

Para a selección da iniciativa gañadora na categoría honorífica a proposta do xurado, sen postulación previa de candidaturas, valorarase o perfil das persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas candidatas propostas polo xurado, independentemente do seu nivel de notoriedade, e teranse en consideración o seu traballo, a relevancia dos seus proxectos, o impacto socioeconómico xerado e o contexto no que estes se levan a cabo.

Para postular as candidaturas a esta categoría, as persoas expertas integrantes do xurado, deberán rexistrar as súas propostas na Sede Electrónica da Deputación da Coruña (<https://sede.dacoruna.gal/>) antes de que finalice o prazo xeral de presentación de candidaturas á VIII edición dos Premios PEL.

O xurado deberá presentar unha ou varias propostas nas que se sinalen o seguinte:

- Presentación da empresa e o seu proxecto
- Impacto socioeconómico na provincia
- Actuacións e/ou proxectos postos en marcha e a súa repercusión no rural
- Logros, recoñecementos e demais información destacable

5. CRITERIOS DE ELIXIBILIDADE DAS CANDIDATURAS

Os Premios PEL van dirixidos a persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que cumpran os requisitos que se especifican a continuación:

- Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.

- Ter exercicio económico continuado na actividade empresarial durante o período de tempo establecido na categoría á que presenta a candidatura:

- Para a 1ª categoría: ter iniciado a actividade empresarial nas anualidades 2024, 2025 ou 2026, e sempre con anterioridade á data de publicación destas bases reguladoras no BOP, e mantela ininterrompidamente desde a súa alta. Terase en conta a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no Certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Para a 2ª categoría: ter iniciado a súa actividade empresarial durante a anualidade 2023 ou con anterioridade e mantela ininterrompidamente desde a súa alta. Terase en conta a data de alta na actividade empresarial máis antiga que figure no Certificado de situación censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Para a 3ª e 4ª categorías: ter iniciado a súa actividade empresarial sempre con anterioridade á data de publicación destas bases reguladoras no BOP e mantela ininterrompidamente desde a súa alta.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Deputación da Coruña.

- Non ter concedidas ou solicitadas axudas por importe superior ao límite establecido polo réxime de *minimis* para o sector profesional no que desenvolve a actividade económica a entidade nos tres anos previos á data da convocatoria (2026, 2025, 2024 e 2023).

- No caso de persoas físicas, estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional con data anterior á data de publicación destas bases reguladoras no BOP e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría:

- Para a 1ª categoría: alta no RETA, no colexio profesional ou mutualidade correspondente na anualidade 2024, 2025 ou 2026.
- Para a 2ª categoría: alta no RETA, no colexio profesional ou mutualidade correspondente na anualidade 2023 ou anterior.
- Para a 3ª e 4ª categorías: alta no RETA, no colexio profesional ou mutualidade, correspondente en calquera anualidade.

- No caso de persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil ou rexistro público correspondente con data anterior á data de publicación destas bases reguladoras no BOP e sempre tendo en conta o requisito de antigüidade especificado en cada categoría.

- Para a 1ª categoría: inscrición no rexistro público correspondente na anualidade 2024, 2025 ou 2026.
- Para a 2ª categoría: inscrición no rexistro público correspondente na anualidade 2023 ou anterior.
- Para a 3ª e 4ª categorías: inscrición no rexistro público correspondente en calquera anualidade.

EXCLUSIÓN

Non poderán ser candidatas a estes premios:

- As comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado carente de personalidade xurídica propia.

- As entidades definidas como Gran Empresa pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- As persoas autónomas colaboradoras.

- As empresas gañadoras de edicións anteriores dos Premios PEL en calquera das súas categorías.

6. PRESENTACIÓN E PRAZOS

6.1. Presentación

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma suporá a súa aceptación no proceso de valoración e selección. Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as candidaturas presentaranse de forma telemática, a través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, SUBTeL: [https:// sede.dacoruna.gal/subtel/](https://sede.dacoruna.gal/subtel/).

A presentación de toda a documentación realizarase a través desta plataforma e de xeito telemático. En todo caso, se terán por non presentadas aquelas candidaturas rexistradas en formato papel.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación achegada, realizará un requirimento á persoa ou entidade solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias sinaladas. No caso de que non emende neste prazo, teráselle por desistida da súa candidatura.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Prazo de presentación de candidaturas

O prazo de presentación de candidaturas determinarase no anuncio de publicación da convocatoria dos Premios PEL no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

6.3. Prazo de resolución e concesión

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

7. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN DAS INICIATIVAS GAÑADORAS

7.1. Avaliación técnica e preselección de candidaturas

Todas as candidaturas elixibles serán en primeira instancia avaliadas por unha comisión de avaliación integrada por persoal técnico do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. Esta comisión encargarse de analizar o perfil das candidaturas e de escoller a 10 finalistas por categoría, tendo en conta os criterios de valoración establecidos.

A comisión de avaliación comprobará a información sinalada nas candidaturas, así como o cumprimento dos criterios de elixibilidade e elaborará un informe técnico con toda a información necesaria para a valoración individual de cada candidatura por parte do xurado.

7.2. Selección de finalistas

Tras esta preselección, as 10 candidaturas finalistas de cada categoría serán remitidas a un xurado, conformado por persoas expertas en diferentes campos relacionados cos ámbitos da empresa, o emprendemento e a innovación. Este xurado estará conformado por:

- Dous representantes da Deputación da Coruña: o presidente da entidade provincial e o xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica.
- Dous representantes das Cámaras de Comercio do ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Dous representantes do ámbito universitario da provincia da Coruña vinculado aos eidos da empresa e da innovación.
- Un/unha representante de asociacións de empresarios/as con presenza na provincia da Coruña.
- Un/unha representante dunha empresa gañadora dos Premios PEL en edicións anteriores.

A composición do xurado e a designación das persoas integrantes será aprobada por Resolución da Presidencia e se dará a coñecer con anterioridade á súa reunión no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Deputación da Coruña co fin de que se poidan interpor, de ser o caso, os recursos legais pertinentes. As persoas que forman parte do xurado percibirán os honorarios establecidos nas Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para 2026.

O presidente da Deputación da Coruña actuará con voz, pero sen voto e ostentará a presidencia do xurado. En caso de ausencia deste, a presidencia será exercida pola persoa de maior idade integrante do xurado. Así mesmo, por delegación da Secretaría Xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Territorial, Sectores Produtivos, Emprego Sostible e Transición Ecolóxica exercerá a secretaría do xurado.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o nomeamento das persoas integrantes do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

O xurado de persoas expertas reunirase co obxecto de deliberar e de seleccionar as iniciativas empresariais gañadoras. Ademais, as persoas integrantes do xurado presentarán propostas de persoas autónomas, microempresas, pequenas e medianas empresas que consideren merecedoras da mención honorífica **á mellor iniciativa transformadora do rural** e elixirán a gañadora desta categoría por consenso.

Nas catro categorías principais a puntuación de cada candidatura consistirá na media aritmética das valoracións emitidas polo xurado, excluindo do cómputo a maior e a menor puntuación. Unha vez valorada a totalidade de candidaturas establecerase unha prelación entre elas. No caso de que varias candidaturas obtiveran a mesma puntuación final e que, ademais, esta fose a puntuación máis elevada da categoría, efectuarase unha votación entre as candidaturas empatadas. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

No suposto de que entre a primeira e a segunda clasificada dalgunha categoría exista unha diferenza inferior ou igual a 5 puntos, o xurado poderá considerar conceder un accésit á segunda clasificada.

7.3. Acto de entrega de premios

As iniciativas gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de galardóns organizado pola entidade provincial no que serán reproducidos publicamente os vídeos presentados por estas.

A entidade provincial pode decidir dar a coñecer tamén as entidades finalistas a cada categoría, caso no que poderían reproducirse tamén os seus vídeos de presentación.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado. A Resolución de concesión será publicada no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión.

No suposto excepcional de que as persoas ou empresas gañadoras renunciaran ao premio, a candidatura que se atopa na seguinte posición pasaría a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renuncias sucesivas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

8. CONTÍA DO PREMIO

A contía do premio de cada un dos primeiros clasificados de cada categoría será de 20.000 euros coa excepción de que os membros do xurado decidan conceder accésits aos segundos clasificados dalgunha categoría cando entre a primeira e segunda candidatura medie unha diferenza inferior ou igual a 5 puntos. Neste suposto os primeiros clasificados recibirán un premio de 15.000 euros e os segundos clasificados un accésit de 5.000 euros.

Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) ou do Imposto de Sociedades (IS).

A concesión e o pagamento serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. PAGAMENTO

O premio concedido farase efectivo nun único pago logo da presentación por parte das entidades gañadoras da documentación que figura no Anexo I. Documentación

10. COMPROMISOS E OBRIGAS

Son obrigas das persoas e entidades candidatas, sen ánimo de exclusividade, as seguintes:

- Cumprir os requisitos indicados nas presentes bases reguladoras.
- Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Deputación da Coruña, así como facilitar os datos que se lles requiran en relación á concesión do premio.
- Comunicar calquera modificación que afecte á candidatura inicial realizada.
- Entregar á Deputación da Coruña nos prazos previstos toda a documentación requirida nestas bases.
- Prestar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- No caso de resultar candidatura gañadora, realizar difusión do Premio outorgado pola Deputación da Coruña na páxina web corporativa.

11. PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

As empresas e persoas autónomas finalistas deberán garantir absoluto respecto aos dereitos da propiedade intelectual e industrial de terceiros. Neste sentido, deberán declarar que é titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que lle puideran corresponder, eximindo á Deputación da Coruña de calquera tipo de controversia, disputa ou litixio que poida derivarse da selección e explotación da candidatura presentada.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

12. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria. A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no acto de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias. As imaxes poderán ser publicadas en: a páxina web e perfís en redes sociais da Deputación, filmacións destinadas á promoción da actividade, publicacións para dar a coñecer a actividade. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpe co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos pode reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos. Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

ANEXO I: DOCUMENTACIÓN

DOCUMENTACIÓN DA CANDIDATURA

Para a participación na convocatoria en calquera das catro categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

- **Memoria de candidatura:** en formato libre, seguindo os apartados dos criterios de valoración, ou no anexo descargable. En todo caso a memoria debe ter como **máximo 5 páxinas**. Recoméndase o uso da tipografía times new roman 12.
 - Na primeira páxina da memoria deberá incluírse a **ligazón a un vídeo de candidatura**, aloxado en calquera plataforma dixital de reprodución de vídeo ou na propia web corporativa, gravado en formato horizontal, cunha resolución mínima de 1080 píxeles (sendo recomendable unha superior de 4K) e de **duración non superior a 2 minutos (2:00)**.
- **Certificado de situación censual actualizado**, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria
- **Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Xeral da Seguridade Social** nas que se acredite que a entidade está



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta destes datos

- No caso de microempresas, pequenas e medianas empresas, **escritura de constitución da entidade** e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a súa inscrición no rexistro público correspondente
- No caso de empresarios/as individuais, **informe da vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social** onde figure a data de alta no RETA, colexio ou mutualidade correspondente
- **Declaración das axudas recibidas en réxime de *minimis*.**

Non se terán por presentados anexos á memoria de candidatura nin documentación en formato papel, nin fóra do prazo de presentación establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxa ausencia non poderá ser emendada.

No caso de que a memoria presentada exceda das 5 páxinas non se valorarán as páxinas que nela figuren a partir da sexta, esta incluída. O mesmo ocorrerá co vídeo que exceda dos 2:00 minutos de duración, non sendo valorable o contido que exceda.

Non se valorarán táboas numéricas nin ligazóns incluídas na memoria: a candidatura valorarase unicamente polo texto e o vídeo incluídos na memoria, dando especial importancia á claridade da redacción e á concisión e adecuación aos criterios valorables.

DOCUMENTACIÓN PARA O PAGAMENTO

As empresas que resulten gañadoras dalgún premio ou accésit en calquera das catro categorías principais deberán presentar a seguinte documentación:

- Modelo de designación de conta bancaria para incluír no rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido (e asinado electronicamente) pola entidade bancaria correspondente.
- Documentación gráfica da difusión realizada dos Premios PEL na páxina web corporativa.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO - CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Persoas beneficiarias

Pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas con domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

O obxecto dos Premios PEL é recoñecer ás mellores iniciativas empresariais da provincia, fomentando a súa imaxe positiva e realzando o seu papel fundamental como xeradoras de riqueza, emprego e benestar, contribuíndo á súa sostibilidade, ao emprendemento e á potenciación do rural.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

A contía do premio de cada un dos primeiros clasificados de cada categoría será de 20.000 euros coa excepción de que os membros do xurado decidan conceder accésits aos segundos clasificados dalgunha categoría cando entre a primeira e segunda candidatura medie unha diferenza inferior ou igual a 5 puntos. Neste suposto os primeiros clasificados recibirán un premio de 15.000 euros e os segundos clasificados un accésit de 5.000 euros. Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) ou do Imposto de Sociedades (IS).

Estes importes faranse con cargo á partida 0520/24100/481 do Orzamento ordinario da Deputación Provincial da Coruña para 2026.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ao día seguinte da publicación da convocatoria ás 09:00 horas, e finalizará ás 14:00 horas do 12 de maio.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto a presentación de candidaturas como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

CASTELLANO

Primero. Personas beneficiarias

Pequeñas y medianas empresas, microempresas y personas autónomas con domicilio fiscal en un ayuntamiento de la provincia de A Coruña.

Segundo. Objeto

El objeto de los Premios PEL es reconocer a las mejores iniciativas empresariales de la provincia, fomentando su imagen positiva y realzando su papel fundamental como generadoras de riqueza, empleo y bienestar, contribuyendo a su sostenibilidad, al emprendimiento y a la potenciación del rural.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Cuarto. Cuantía

La cuantía del premio de cada uno de los primeros clasificados de cada categoría será de 20.000 euros con la excepción de que los miembros del jurado decidan conceder accésits a los segundos clasificados de alguna categoría cuando entre la primera y la segunda candidatura medie una diferencia inferior o igual a 5 puntos. En este supuesto los primeros clasificados recibirán un premio de 15.000 euros y los segundos clasificados un accésit de 5.000 euros. Sobre estas cuantías se realizarán las retenciones correspondientes del ordenamiento tributario regulador del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas (IRPF) o del Impuesto de Sociedades (IS).

Estos importes se harán con cargo a la partida 0520/24100/481 del Presupuesto ordinario de la Diputación Provincial de A Coruña para 2026.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará al día siguiente de la publicación de la convocatoria a las 09:00 horas, y finalizará a las 14:00 horas del 12 de mayo.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto la presentación de candidaturas como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>